



MESA SECTORIAL DO DÍA 15 DE MAIO DE 2018

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O 20 DE MARZO E 10 DE ABRIL (CONTINUACIÓN) DO 2018.

Apróbase a acta correspondente unha vez tidas en conta as alegacións efectuadas.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ANTEPROXECTO DE ORDE POLA QUE SE DITAN NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE DESTINO PROVISIONAL, ENTRE O PERSOAL DOCENTE PERTENCENTE AOS CORPOS DE INSPECTORES DE EDUCACIÓN, CATÉDRATICOS E PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO, PROFESORES TÉCNICOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL, CATÉDRATICOS E PROFESORES DE ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS, CATÉDRATICOS E PROFESORES DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS, CATÉDRATICOS E PROFESORES E MESTRES DE TALLER DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO, E DO CORPO DE MESTRES, QUE NON TEÑAN DESTINO DEFINITIVO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O primeiro que a **ANPE** lle preocupa deste Anteproxecto de Orde é o feito de que a presentación telemática obrigue a todos os participantes a ter que efectuar petición e non lles sirva a de cursos anteriores. **ANPE** considera que debe informarse debidamente a todos os participantes desta novidade e alerta aos que, non teñan efectuada solicitude nas 48 horas anteriores ao peche de prazo de participación. En todo caso, non deben establecerse excepcións e todos os colectivos deben facer a presentación telemática.

ANPE considera positivo que esta Orde teña un carácter estable e non teña que pasar pola Mesa Sectorial todos os anos, sempre e cando se consiga o maior consenso sindical na mesma e sempre que calquera modificación importante na mesma se comprometa a Administración a tratala no seno da mesma.

Desde **ANPE** entendemos que a Administración deben velar por reducir a provisionalidade do profesorado galego. Valoramos positivamente o esforzo realizado neste senso, no Concurso de Traslados pero debe tratar de minimar o número de profesores en situación de expectativa de destino. Non pode ser que existan centros educativos con 3, 4 e ata 6 profesores dunha especialidade en situación de provisionalidade. Debe haber control deste tipo de situacións por parte da Inspección Educativa. Volvemos a por enriba da mesa o debate sobre un posible “concursillo” para este tipo de colectivo. **A Administración resposta que non se vai a facer ningún “concursillo”**. Hai que ter en conta que o aumento considerable das comisións de servizo concedidas supón deixar ao colectivo de provisionais en situación cada vez máis complicada. Neste senso aproveitamos para volver a por enriba da Mesa a postura defendida por **ANPE** respecto ás comisións de servizo onde defendemos que a adxudicación de destinos das mesmas sexa por colectivos (sen discriminación da tipoloxía da comisión, salvo quizáis as comisións de servizo por motivos de saúde do propio docente). **Esta última petición de ANPE é apoiada por UXT na súa intervención.**

ANPE considera que a resolución do CADP debe de producirse antes do mes de Agosto para que todos os participantes poidan coñecer o antes posible o seu destino para o vindeiro curso académico. Tamén consideramos que os horarios dos centros educativos deben

elaborarse con todo o profesorado nos mesmos e de ahí que sexa necesario adiantar a resolución.

Para **ANPE**, o 99% dos problemas derivados do CADP xorden das vacantes. **ANPE** demanda que se faga unha negociación real das mesmas nas Xefaturas Territoriais e que inspección controle e vixíe tanto os perfís das prazas como o cumprimento real deses perfís. **A Administración resposta que non ten problema en negociar as vacantes en Primaria pero o ve máis complicado no caso de Secundaria onde se depende de procesos de avaliación.** **ANPE** considera que as vacantes deben ser coñecidas polos participantes así como debe coñecerse tamén a afinidade que conlevan (**ANPE** defende neste senso un máximo dunha materia afín por vacante). Debe abrirse un diálogo e negociación serias e profundas da afinidade en Secundaria. Tamén consideramos que as vacantes deben elaborarse sobre o cómputo de 18 horas en Secundaria e 21 e Primaria. É o momento de restituir os dereitos laborais perdidos polo profesorado sobre todo tendo en conta que outras Comunidades xa o están a abordar.

ANPE considera que non deben compartirse máis de 2 centros educativos.

ANPE considera que as vacantes parciais deben ser en casos moi excepcionais.

Consideramos que non debe adxudicarse prazas en especialidades que non posúe ao profesorado de prácticas. Tamén consideramos que non se debe adxudicar de oficio prazas nas especialidades de Francés, nin PT nin AL. **A Administración non vai a modificar máis que a exclusión da lingua estranxeira.** Desde **ANPE** aproveitamos esta petición para demandar novamente o cobro do complemento para o profesorado de PT e AL destinado na ESO.

Consideramos que o profesorado que aprobe noutros corpos debe xerar unha resulta no CADP.

Desde **ANPE** Galicia non compartimos coa Administración a figura do substituto de zona, pero no caso de manterse **ANPE** considera que non deben superarse os 25 km.

ANPE demanda tamén que se faga mención no texto da Orde das organizacións sindicais asinantes do Acordo de Interinos cando se fai referencia a él no artigo 39.

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: CALENDARIO ESCOLAR.

Comezar facendo unha valoración positiva da modificación introducida respecto ás datas de avaliación de 2º de bacharelato para adecualo ás datas de celebración das ABAU. **ANPE** leva anos demandando esta cuestión e polo tanto lle damos a benvida.

O calendario proposto é de 176 días lectivos. **ANPE** demanda que se estableza nos 175 mínimos que se recollen no preámbulo e, en tal sentido, demandamos que se estableza o día 2 de novembro como día non lectivo no mesmo senso que se está facendo noutras Comunidades Autónomas. De todos os xeitos consideramos que debemos ir na liña de reducir os 175 días lectivos e adaptarnos á media europea. Está perfectamente demostrado que os resultados académicos non están ligados á duración do curso escolar se non a outro tipo de condicionantes: investimentos en educación, dignificación do profesorado e das súas condicións laborais e económicas. Debemos tender igualmente ao equilibrio dos tres trimestres. O vindeiro ano hai un desequilibrio importante entre os tres trimestres. Para **ANPE** hai unha solución sinxela que é fixar o fin de trimestre por calendario e non supeditalo a que teñan que rematar antes dun período vacacional. **A Administración se compromete a reducir os días lectivos de 176 a 175 atendendo deste xeito a petición de ANPE pero non se compromete a declarar non lectivo o día 2 de novembro e estudará a proposta.**

ANPE demanda a conmemoración do día 2 de maio para así visualizar nos centros educativos o Día Mundial contra o Acoso Escolar. **A Administración acepta esta proposta de ANPE e verá como se aplica.**

No artigo 2 **ANPE** considera que o calendario escolar debe afectar a todos os centros docentes de Galicia e non soamente aos centros públicos e aos sostidos con fondos públicos.

No artigo 10 **ANPE** demanda que o transporte escolar non condicione o horario dos centros.

No artigo 10.3 solicitamos o restablecemento da xornada reducida en setembro e xuño tendo en conta que esa redución se viu modificada unilateralmente pola Administración.

Na disposición adicional segunda **ANPE** considera que o período de adaptación debe ser dun mínimo de 10 días lectivos podendo estenderse durante todo o mes se é posible.

ANPE considera que o calendario escolar na Formación Profesional debe establecerse en función do número de horas dos ciclos e non en función de datas concretas.

4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- Neste punto desde **ANPE** facémoslle chegar á Administración Educativa o escrito presentado por rexistro pola nosa Organización Sindical onde reclamamos a paralización dos descontos retributivos para o profesorado galego que se atopa en situación de Incapacidade Temporal.

Sen máis temas que tratar péchase a sesión sendo as 15:15horas

